

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2019 pola que se modifica a Resolución de 10 de xaneiro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para proxectos de equipos de aproveitamento de enerxías renovables e de aforro e eficiencia enerxética nas empresas de produción agrícola primaria.

A Resolución do 10 de xaneiro de 2019 establece as bases reguladoras das subvencións para proxectos de equipos de aproveitamento de enerxías renovables e de aforro e eficiencia enerxética nas empresas de produción agrícola primaria (IN421L).

O procedemento de concesión de estas subvencións tramitouse en réxime de concorrencia non competitiva, segundo a excepción recollida no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co disposto no artigo 24 das bases reguladoras das axudas, a data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será o 30 de setembro de 2019.

O artigo 45.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro), establece a posibilidade de que o órgano concedente das subvencións outorgue, salvo precepto en contra contido nas bases reguladoras, unha ampliación do prazo establecido para presentar a xustificación, que non excederá da metade deste e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros.

Por outra banda, remítese ao disposto con carácter xeral no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), no que se indica que a ampliación poderá acordarse de oficio ou por instancia de parte antes do vencemento do prazo de que se trate e se as circunstancias así o aconsellasen.

Debido a incidencias xurdidas no procedemento de tramitación destas axudas, non foi posible comunicar con suficiente antelación todas as resolucións de concesión de axudas aos beneficiarios e debido a isto estanse a rexistrar numerosas solicitudes de prórroga do prazo de execución, motivadas nas dificultades existentes para executar as instalacións subvencionadas na referida data límite, xa que algúns dos beneficiarios disporían de me-



nos dun mes desde a data na que se ditou a resolución de concesión da axuda para executar o proxecto.

Con base no anterior, de acordo co disposto no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e en uso das competencias atribuídas no Decreto 142/2016, do 22 de setembro, polo que se crea a Axencia Instituto Enerxético de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo único

Modificación da Resolución do 10 de xaneiro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para proxectos de equipos de aproveitamento de enerxías renovables e de aforro e eficiencia enerxética nas empresas de produción agrícola primaria, que queda modificada da seguinte maneira:

Un. Modifícase o artigo 24. Prazo para executar a instalación que queda redactado nos seguintes termos:

A data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será o 30 de setembro de 2019.

Para todas as solicitudes de axuda que se lles notificase a resolución de concesión a partir do 1 de agosto, o prazo de execución e xustificación das instalacións amplíase ata o 31 de outubro de 2019.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2019

Ángel Bernardo Tahoces
Director da Axencia Instituto Enerxético de Galicia

CVE-DOG: kanm7tv6-pmu8-vnf1-brc4-dsxxk7ulc5r6

